



CONCELLO DE NARÓN

Datos Do Expediente:

PLENO		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central – MCCM		
Número expediente:	Documento:	
GOB/2025/52	GOB19I00F3	
2Z46 0F1D 2T10 0D3L 0Y2V		

DON ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI, o Secretario Xeral do CONCELLO DE NARON

CERTIFICA: Que o Concello Pleno, na sesión ordinaria que tivo lugar o día vinte e nove de maio de dos mil veinticinco, adoptou entre outros, o acordo seguinte:

7 °.- PROPOSTA DE CAMBIO DE USO DE VARIAS PARCELAS CUALIFICADAS COMO DOTACIONAIS PÚBLICAS PERTENCENTES AO SISTEMA LOCAL DE ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES E AO SISTEMA LOCAL DE INFRAESTRUTURAS E COMUNICACIÓNS DENDE O CAMIÑO DA PRAIA ATA O LÍMITE NORTE DO POLÍGONO DA GÁNDARA.. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Visto o informe proposta asinado polo arquitecto xefe dos servizos técnicos municipais e a xefa do servizo de Obras e Urbanismo que literalmente dí:

“(…)

Antecedentes:

O 06.05.2025 o arquitecto Javier Rodríguez Marcos, en representación dos propietarios das parcelas con referencias catastrais 4958013NJ6145N, e 4958007NJ6145N e 4958016NJ6145N, presenta un documento denominado “Proposta de cambio de uso de parcelas dotacionais públicas para o establecemento de accesos ao Pol. Ind. A Gándara dende a rúa Camiño do Pino”, asinado dixitalmente en data 06.05.2025.

A dita proposta achégase como documento anexo a este informe. Nela xustifícase a idoneidade da mesma como segue:

“La presente propuesta pretende mejorar la interrelación entre la zona residencial del barrio de A Gándara y el polígono del mismo nombre, en la zona del vial perimetral Camiño da Praia, a modo y semejanza de la ya existente en la calle Cataluña.

Actualmente no existe conexión viaria ni peatonal entre la calle Camiño da Praia y el polígono de A Gándara, debido a la falta de accesos directos. Esta carencia conlleva a que tanto el tráfico

rodado como el peatonal se vea obligado a tener que acceder a las parcelas del norte del polígono por la Avenida del Mar, teniendo que dar un rodeo que se considera innecesario y perjudicial para el interés general y el buen funcionamiento de la zona a nivel del tránsito rodado y peatonal.

No cabe la menor duda de que, la dotación de los accesos que se proponen, dará lugar a una mayor afluencia de público a las actividades comerciales e industriales del polígono, favoreciendo de esta forma la mayor implantación de actividades en estas parcelas, que en la actualidad no existen.

Los accesos proyectados desde la calle Camino da Praia a las parcelas de la manzana norte del polígono facilitan su utilización por la población en general y más concretamente a los vecinos próximos de la zona, respetando a su vez, la zona verde existente.

Al mismo tiempo, con la eliminación de la vía de servicio que contempla el PGOM de 2002, se potencia la zona verde, incrementando su superficie y aumentando su ancho para su uso como zona de juegos u otros usos posibles.

La propuesta prevista en el presente documento, resulta compatible con el planeamiento vigente y con el nuevo Documento de Aprobación Inicial de la revisión del PGOM del año 2023.”

A criterio destes técnicos, esta actuación redundaría en acadar unha considerable mellora da mobilidade sostible, incrementando os percorridos peonís e ciclistas, en detrimento do uso dos vehículos motorizados.

Normativa de aplicación

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante LSG-16).
- Lei 18/2021, de 27 de decembro, de medidas fiscais en administrativas (en diante Lei 18/2021)
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante RLSG-16).
- Decreto 92/2019, do 11 de xullo, polo que se modifica o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.


- Plan Xeral de Ordenación municipal do Concello de Narón (en diante PXOM vixente).
- Documento de aprobación inicial do novo Plan xeral de ordenación municipal de Narón (en diante DAI-23).

Consideracións xurídicas

I. TRATAMENTO URBANÍSTICO DOS TERREOS AFECTADOS POLO CAMBIO DE USO.

O PXOM vixente foi aprobado definitivamente polo Pleno do Concello en sesión de 22 de abril de 2002, e publicado no DOG do 9 de maio de 2002 e no BOP do 10 de xuño de 2002, non estando polo tanto adaptado á vixente LSG-16, nin á xa derogada Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Segundo este planeamento os terreos afectos polo cambio de uso están clasificados como solo urbano e cualificados como zonas verdes e espazos libres.




Ámbito grafado en cor verde no vixente PXOM do 2002.

O Concello Pleno en sesión ordinaria que tivo lugar o 25 de abril de 2024 aprobou inicialmente o novo Plan xeral de Ordenación municipal de Narón (PXOM) co seu estudo ambiental estratéxico e completado co resumo executivo, datado de outubro de 2023, e asinado por Alfredo Garrote Pazos, director do equipo redactor ARQYUR S.C.

Este acordo determina a suspensión automática do procedemento de outorgamento de licenzas naqueles ámbitos nos que as novas determinacións supuxesen a modificación da ordenación urbanística vixente, co alcance previsto no resumo executivo, de acordo co apartado 4 do artigo 86 do RLSG. A dita suspensión, con efectos dende a publicación oficial do acordo no DOG do 15.05.2024, terá unha duración máxima de dous anos e non afectará aos supostos previstos no artigo 86.3 do RLSG, extinguíndose, en todo caso, coa aprobación definitiva do planeamento (artigo 47.2 da LSG).

Segundo o planeamento aprobado inicialmente os terreos afectos polo cambio de uso están clasificados como solo urbano e cualificados como dotacionais pertencentes aos sistemas locais de espazos libres e infraestruturas de comunicación (SL-EL-Ex- PAS-G09 e AI-G-01).



Ámbito grafado en cor verde no DAI-2023.

Á vista do anterior conclúese que a proposta é compatible con ambas ordenacións urbanísticas.

II. PROCEDEMENTO E COMPETENCIA PARA O CAMBIO DE USO.

O artigo 42.5 da LSG-16 redactado polo número dous do artigo 7 da Lei 18/2021 determina o seguinte: *“O concello en pleno, por maioría absoluta e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, poderá acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos ou dotacións públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e os espazos libres públicos. En todo caso, deberá garantirse o cumprimento dos estándares recollidos nos números 1 e 2 do artigo 42.*

Para os efectos do disposto neste número, entenderase que teñen tamén a condición de equipamentos ou dotacións públicos os que sexan de titularidade pública aínda que non figuren no planeamento urbanístico con tal condición.”

No presente caso preténdese modificar o uso de viais (vía de servizo no vixente PXOM e vial de acceso a parcelas do DAI-23) por zonas verdes, modificando o seu trazado para o cumprimento do mesmo fin: dotar de accesos ao Polígono dende o Camiño da Praia, facilitando a interconexión entre a trama urbana residencial e a do Polígono.

Pódese, polo tanto, aplicar o procedemento previsto no artigo 42.5 da LSG-16 sempre que quede garantido o cumprimento dos estándares recollidos, que no caso que nos ocupa son os establecidos no artigo 42.2, xa que o cambio de uso afecta a terreos cualificados como sistema local.

III. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS RESERVAS DE SOLO NECESARIAS PARA A IMPLANTACIÓN DOS SISTEMAS LOCAIS.

No documento técnico aportado achégase un cadro comparativo das superficies afectadas por viais e zonas verdes tanto do vixente PXOM como do DAI- 2023.

PGOM 2002		
SUPERFICIE VIALES PREVISTOS EN PGOM	Vía de servicio	sup (m2)
	Acceso intermedio	42,00
	TOTAL	1.153,00
ACCESO 6	rodada (10,50 mts)	300,00
ACCESO 5	peatonal (3,50 mts)	52,00
ACCESO 4	rodada (4,50mts)	59,00
ACCESO 3	peatonal (1,80 mts)	23,00
ACCESO 2	existente (1,80 mts)	20,00
ACCESO 1	rodada (6,00 mts)	50,00
TOTAL ACCESOS		504,00
INCREMENTO DE ZONAS VERDES		649,00

Relación de superficies afectadas según PGOM 2002

DAI 2023		
SUPERFICIE VIALES PREVISTOS EN DAI	Acceso intermedio	sup (m2)
		506,00
	TOTAL	506,00
ACCESO 6	rodada (10,50 mts)	300,00
ACCESO 5	peatonal (3,50 mts)	52,00
ACCESO 4	rodada (4,50mts)	59,00
ACCESO 3	peatonal (1,80 mts)	23,00
ACCESO 2	existente (1,80 mts)	20,00
ACCESO 1	rodada (6,00 mts)	50,00
TOTAL ACCESOS		504,00
INCREMENTO DE ZONAS VERDES		2,00

Relación de superficies afectadas según DAI 2023

Do anterior dedúcese que a nova configuración das parcelas municipais supón un incremento das zonas verdes públicas en ambos documentos de planeamento, polo que se está ao contemplado no artigo 42.5 da LSG-16 e se garante o cumprimento dos estándares recollidos nos números 1 e 2 do artigo 42.

A pesar do mínimo incremento que supón no DAI- 2023 (2,00 m² de zona verde) cómpre salientar que no apartado 08.02.3 da Memoria Xustificativa do mesmo xa se determina que as reservas previstas no novo PXOM para os sistemas locais “cumpren sobradamente os estándares mínimos”, reiterándose así a observancia do artigo 42.1 e 2 da LSG-16.

Ademais, xustifícase o cumprimento do artigo 70.3 DO RLSG-16 no que se definen as áreas de xogo como segue:



“Áreas de xogo: son terreos localizados ao aire libre e dotados do mobiliario e características adecuadas para ser destinados a xogos infantís ou a deporte ao aire libre. En todo caso terán consideración de sistema local.

As áreas de xogo deberán ter unha superficie mínima de 200 metros cadrados e admitir a inscrición dunha circunferencia de Ø 12 metros, cun largo mínimo de 10 metros en todo caso.

Ademais, deberán estar equipadas co mobiliario e/ou elementos de xogo adecuados para o desenvolvemento da actividade prevista, cumprindo as condicións que estableza a normativa sectorial de aplicación.”

Deste xeito, o Concello cumprirá en toda a superficie afectada cos parámetros urbanísticos esixidos na normativa urbanística de aplicación para a implantación dunha área de xogo.

Por todo o exposto, estes técnicos propoñenlle ao Concelleiro-Delegado de Urbanismo que eleve á Comisión Informativa de Obras, Urbanismo e Servizos os seguintes acordos para o seu ditame previo ao sometemento ao Concello Pleno:

Primerio.- Cambiar o uso de varias parcelas (denominadas no DAI-2023 como SL-EL-Ex-PAS-G09 e AI-G-01) cualificadas como dotacionais públicas pertencentes ao sistema local de espazos libres e zonas verdes e ao sistema local de infraestruturas e comunicacións dende o Camiño da Praia ata o límite norte do Polígono da Gándara, de viais no vixente PXOM e no DAI-2023 por zonas verdes, e modificando o seu trazado, para o cumprimento do mesmo fin: dotar de accesos ao Polígono da Gándara dende o Camiño da Praia, de conformidade co que se describe no documento técnico presentado e asinado polo arquitecto Javier Rodríguez Marcos, en data 06.05.2025.

Segundo.- Publicar este acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Remitir o acordo á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para os efectos da inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.”

Vista a conformidade emitida polo Secretario Xeral deste Concello respecto das consideracións xurídicas contidas no informe anteriormente transcrito, aos efectos previstos no artigo 3.3, letras c) e d) 7º; e artigo 3.4 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter Nacional.

Por todo o exposto e visto o ditame favorable por maioría (cos 7 votos a favor dos representantes de Tega (5) e BNG (2); e as 3 abstencións do membros de PP), na Comisión Municipal



CONCELLO DE NARÓN

Informativa de obras, urbanismo e servizos do 19 de maio de 2025, o seu Presidente propón ao Pleno adoptar os seguintes acordos:

Primeiro.- Cambiar o uso de varias parcelas (denominadas no DAI-2023 como SL-EL-Ex-PAS-G09 e AI-G-01) cualificadas como dotacionais públicas pertencentes ao sistema local de espazos libres e zonas verdes e ao sistema local de infraestruturas e comunicacións dende o Camiño da Praia ata o límite norte do Polígono da Gándara, de viais no vixente PXOM e no DAI-2023 por zonas verdes, e modificando o seu trazado, para o cumprimento do mesmo fin: dotar de accesos ao Polígono da Gándara dende o Camiño da Praia, de conformidade co que se describe no documento técnico presentado e asinado polo arquitecto Javier Rodríguez Marcos, en data 06.05.2025.

Segundo.- Publicar este acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Remitir o acordo á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para os efectos da inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

E para que conste e surta efectos, esténdese a presente certificación, facéndolle constar que a acta onde se recolle o acordo anterior está pendente de aprobación, en Narón, a 30 de maio de 2.025.

V.e pr.



FERREIRO DIAZ, MARIAN
A Alcaldesa-Presidenta
30/05/2025 13:07



ALFONSO DE PRADO
FERNANDEZ CANTELI
O Secretario Xeral
30-05-2025 09:03:11